



ACTA Nº 2023/3

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, luns 27 de febreiro de 2023

No día de hoxe, ás 20:12 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.^a Marta Rey Lema

D. Eugenio Vidal Quintáns

D.^a María Jesús Barbeira Pose

PP

D.^a Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco M. Calzas Suárez

AUSENCIAS:

ADIANTE VIMAINZO

D. Francisco Javier Trillo Pazos

D. Manuel Lorenzo Hermida

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada

Dna. Marta Rey Lema traslada a ausencia por motivos laborais de Francisco Javier Trillo Pazos e D. Manuel Lorenzo Hermida.



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 30 de xaneiro e 14 de febreiro de 2023.

2º. Ditame sobre aprobación definitiva do "Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo". Exp. 2021/X999/000970.

B) Sección de control

3º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

4º. Mocións de urxencia.

5º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

1º. Aprobación das actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 30 de xaneiro e 14 de febreiro de 2023.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, quedan aprobadas por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinaria e extraordinaria celebradas o 30 de xaneiro e 14 de febreiro de 2023.

2º. Ditame sobre aprobación do "Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo". Exp. 2021/X999/000970.

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais o mércores día 22 de febreiro de 2023, que se reproduce a continuación:

"1º.- Aprobación definitiva do "Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo". Exp. 2021/X999/000970.



Dáse conta de proposta da Alcaldía, de data 15 de febreiro de 2023, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: aprobación definitiva do “Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo”. Exp. 2021/X999/000970.

O pleno do concello en sesión de dezasete de decembro de dous mil vinteún, aprobou inicialmente o Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do concello de Vimianzo.

Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da providencia da Coruña núm.249, de 31/12/2021; abrindo un período de información pública, sen que se presentasen alegacións; tal e como se indica no informe emitido polo encargado do rexistro deste concello, en data 02/02/2022.

Consta no expediente informe favorable do director xeral de defensa do monte (RE 202200000003646), de data 01/09/2022, en relación ao referido Plan.

Vistas as atribucións que o art. 21.1 g e h) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, me outorgan.

Visto canto antecede esta Alcaldía propón elevar ao Pleno, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos xerais, a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o “Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo”.

Segundo.- Comunicar á Dirección Xeral de Montes a aprobación do Plan.

O que asino en Vimianzo,

A alcaldesa,

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente).”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Asuntos Xerais, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A alcaldesa explica que é un trámite para rematar o expediente tralo informe favorable da Dirección de Montes.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

3º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 26-01-2023 con número 114/2023 ata o día 22-02-2023 con número 248/2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.



4º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

5º. Rogos e preguntas.

Non se presentan.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:15 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz